

## NOVELA DE XADREZ (Discantus)

Hai uns meses, procurei nun buscador de Internet o nome dunha persoa á que, durante un período da miña vida, vía a diario, pero da que non volvera saber máis desde que ese período acabara. Tan raro tampouco é, coido. Estou seguro de que o fai moita máis xente da que o recoñece, xa sexa por motivos prácticos (comprobar se o candidato a aquel posto de traballo de decenas de miles de euros ao ano ten en realidade a traxectoria brillante que di que ten, descartar que o tipo co que se acaba de amañar unha cita a cegas sexa un asasino en serie), xa sexa polo que adoita chamarse puro chismorro. Despois de todo, pensarán moitas desas persoas, unha vez que todo está en Internet é coma se estivese nun escaparate, e iso se non é o propio interesado o que publica, nunha orxía de vaidade, os seus datos persoais, preferencias sexuais e manías íntimas na Rede, converténdoo así en peza dese particular museo.

Pero estoume desviando do tema. O caso é que abrín o buscador, tecleei o nome desa persoa e premín a tecla de procura. Non era o primeiro nome que escribía, nin, certamente, o primeiro nome ligado a aquela etapa da miña vida. En realidade, naquela etapa da miña vida -pouco máis dun ano; agora parece máis- coñecín moitos nomes, dos cales só manteño contacto máis ou menos frecuente con dous ou tres, a pesar de todas as promesas que se fixeron na miña festa de despedida sen que ninguén as pedise. E así, de vez en cando, cando me viña o trasacordo e tiña un pouco de tempo libre, ía poñendo algúns daqueles nomes no caixón de procura do buscador. Para ver que estaban facendo, era a xustificación que empregaba ante min mesmo. O método moi práctico non era, porque moitos daqueles nomes non atoparan aínda ningún eco na Rede ou, ao contrario, atoparan demasiado, e a min me obrigaban a ir navegando entre mareas de homónimos distribuídos por todas as partes do mundo –eu só unha vez atopei un homónimo de min mesmo, e sentínme como desdoblado, un nome, qué é un nome–, ningún dos cales era o

que eu coñecía. Aínda así, as miñas redes subían ás veces con pesca, e así souben que un dos meus compañeiros atopara un traballo novo –e mellor, como parecía deducirse do feito que agora lucía un brillante “manager” na sección que indicaba o seu cargo- e outro estivera de vacacións en Australia.

Esta persoa, en realidade, fora unha das últimas que procurara. Simplemente porque non me lembrara antes del. Non chamaba moito a atención naquela oficina inmensa, sempre tan taciturno, e con competencia de abondo á hora de atraer a pouca atención que a nosa monótona pero ben nutrida rutina nos deixaba libre. Recén titulados en linguas que se aventuraban fóra do niño materno por primeira vez, africanos e latinoamericanos chegados por amor a aquel continente tan frío e inhóspito, mesmo algún refuxiado vagamente político. Del, ninguén, ou case ninguén, sabía nada. Chegaba, facía o seu traballo sen chamar a atención por exceso nin por defecto, paraba vinte minutos para comer, seguía traballando e marchaba. Non é que fose un asocial: falar cos demais falaba, e, cando era invitado a algún dos encontros que organizábamos fóra do horario de traballo, adoitaba acudir. Pero, dalgún xeito, amañábase para non deixar agromar algún detalle que o volveuse de carne, non sei, o seu libro preferido, a música que escoitaba, o nome da súa primeira moza. Desta primeira moza non sabíamos nada. Da de entón, sabíamolo todo, porque non existía.

Así que procurei o nome desta persoa. Creo que non esperaba atopar nada. Para empezar, non estaba certo da súa ortografía, e sabía que el mesmo tampouco estaba, porque o seu nome de verdade se escribía en cirílico, non en romano, e non todo o mundo era da mesma opinión á hora de trazar as equivalencias. O botón de busca devolveume cen resultados. O corazón pegoume un bote. Como calquera bo afeccionado a buscar os nomes dos seus coñecidos en Internet saberá, cen é a cifra perfecta, coma o sete era na Biblia a cifra de Iavé. Moi probablemente, os cen resultados

corresponderán todos á mesma persoa, non haberá que ir separando o gran da palla ao longo de páxinas e páxinas, e, aínda así, o número é o bastante amplo para que os resultados correspondan a diferentes tipos de actividades da mesma persoa e non sexan variantes *ad infinitum* dun mesmo motivo.

Pero unha batida rápida cos ollos pola primeira páxina axiña truncou as miñas ilusións. Todos, absolutamente todos os resultados daquela primeira páxina -excepto algúns deses bucles que dun buscador te levan a outro, e de aí a outro máis- correspondían a sitios sobre xadrez. Axiña o vin nos nomes dos dominios, variantes infinitas, con máis ou menos graza -máis ben menos- de *chess*, aínda que algúns deles tiñan terminacións ben pouco anglosaxonas, terminacións que eu non coñecía e que asocieí vagamente a unha morea de novos países eslavos dos que probablemente nunca oíra falar. Isto tan inocente tampouco era, porque o meu home nacera nun daqueles países novos e descoñecidos, e así o indicaba, inequivocamente, o seu nome. Pregunteime vagamente se aquela combinación de nome e apelido, que a min e a todos os compañeiros do traballo nos soaba do máis exótica, sería tan vulgar ao Leste de Viena coma o noso Xosé García ou Antonio Fernández. Por un momento, imaxinei a un homónimo do meu coñecido coma un home corpulento e taciturno de negra barba pechada e inequívocos rasgos eslavos que xogaba un torneo de xadrez tras outro sen inmutarse, sen terse decatado sequera de que o telón de aceiro xa había tempo que se abrira definitivamente e que agora podía dedicarse a ocupacións ben máis lucrativas que mover unhas pezas que non deixaban de ser un pouco absurdas sempre en busca da próxima victoria.

Todo isto viña a conto de que eu non podía imaxinar ao meu ex compañeiro xogando ao xadrez. Eu mesmo non sabía gran cousa máis aló do movemento das pezas, que me ensinaran unha vez no colexio, pero nunca puideron progresar a partir de aí. Pero

tiña a idea de que o xadrez debía de ser un xogo moi intelectual. A miña imaxe seguramente estaba mediada polas interminables partidas de mediados dos oitenta de Kasparov e Karpov e a súa estética de obra de teatro bolchevista e, por tanto, pouco tería que ver coa realidade, pero, xustamente, non imaxinaba eu a aquel home nun escenario así. Non imaxinaba que puidese alimentar ningún tipo de inquietudes intelectuais. Parvo non era, e no traballo estaba mesmo considerado coma un dos máis eficientes do noso departamento, pero, á parte dun discreto talento para as linguas estranxeiras, nunca observei nel nada que non fose a eficacia e o perfecto sometemento á lóxica máis plana propios dos funcionarios da zona do mundo da que el viña, ou os que a min me gustaba imaxinar que lles eran propios.

Comecei a percorrer unha por unha as páxinas que o buscador me puxera diante dos fociños, con non excesivo interese: lembro que tiña outra ventá do explorador aberta e estaba ademais esperando unha chamada, polo que a miña atención ía e viña sen deterse moito en nada. As páxinas que levaban o nome do meu coñecido tampouco é que tivesen unha prosa cativadora. As máis eran clasificacións de torneos de xadrez proporcionados pola propia asociación que as organizaba, por federacións de xogadores, por afeccionados que non tiñan nada mellor que facer que colgar unha máis daquelas absurdas listas nas que os nomes non deixaban de repetirse e que a min me soaban coma un poema épico nunha lingua desaparecida. Entretívenme seguindo as andanzas daquel escuro xogador de xadrez eslavo ata que fun caer nunha clasificación tan monótona e épica como as anteriores, pero cunha diferenza: esta incluía o lugar de residencia dos participantes. Ao lado do impronunciado nome do meu coñecido, figuraba a cidade na que ambos vivíramos e traballáramos durante uns meses. E a nosa cidade non era precisamente unha metrópole. De feito, el díxome unha vez que cría ser o único cidadán do seu país que vivía nela, ou polo menos que alí estaba censado.

Cando, noutra páxina, descubrín que a carón do seu nome figuraba un enderezo de correo electrónico que recoñecín coma pertence á empresa na que os dous traballábamos -chamoume a atención que puxese ou deixase poñer aquela: non sabería que, en menos de cinco minutos, podería crear unha conta gratuíta que o faría estar máis protexido ante curiosos coma min?-, xa non tiven dúbidas. Aquel misterioso campión de xadrez en escuros torneos de terceira ou cuarta división -non sabía se tal cousa existía para o xadrez, pero ningunha daquelas páxinas contiña ningún dos dous ou tres nomes de campións que eu coñecía- era o meu home.

Tampouco lle dei moita importancia, nin lla daría despois de non pasar o que pasou. No momento aledeime de coñecer algo máis sobre aquel compañeiro tan escuro, de saber que, polo menos, non pasaba as tardes e os fins de semana simplemente deixando correr os minutos, que era a sensación que me dera desde os primeiros días que o coñecera: así de sen sangue me parecera, así de apático. Pero non volvíñ pensar na miña aventura no buscador ata que aconteceu o que vou a referir a continuación.

Despois de marchar daquela cidade pequena e provinciana na que compartira algunhas horas co recén descuberto xogador de xadrez, eu instalárame nunha das capitais máis grandes de Europa. Non sei cantas persoas vía cada día con só saír á rúa – mil, dúas mil, dez mil? Unha vez lera que un home medieval vía en toda a súa vida unha media de corenta persoas, e sempre se daba por pensar isto cada vez que saía á rúa-, así que as cousas esvararon perigosamente cara ao terreo da casualidade (ou, mellor, da non-casualidade) cando atopei ao xadrecista nunha das rúas máis transitadas da cidade.

Vino a uns vinte metros, por entre as cabezas dun bo número de persoas que, sen embargo, non era suficiente para tapar completamente a vista nin para converter a circulación nunha especie de masa xelatinosa na que un quedaba atrapado quixese ou non. Era pola mañá, pero a maioría da xente xa había un anaco que comezara a xornada

laboral e só quedaban polas rúas os últimos retrasados, ou os que, coma min, tiñan o privilexio de poder comezar tarde. Eu estaba entre estes últimos, ou iso me gustaba crer. O meu propósito para mudarme a aquela grande vila fora establecerme como autónomo nun traballo que, en teoría, podería realizar desde calquera parte do mundo cun ordenador e unha conexión a Internet. A escusa fora que, *in situ*, me resultaría máis fácil buscar clientes. Pero, ata o de entón, poucos chegaran, e ningún, desde logo, fora por atopalo pola rúa ou ir velo á súa oficina. Así que, a medida que os meus aforros minguaban, víame obrigado a buscar un traballo asalariado que me permitise sobrevivir, e a iso saía supostamente cada día só un pouco despois de que todo o mundo comezase a súa xornada laboral. Pero levaba saíndo case dúas semanas e aínda non pasara nada.

Cando o vin, a miña reacción instintiva foi pensar que me confundira. Eu confúndome a miúdo. Penso que o meu cerebro funciona creando moldes, e todo o que ven despois ten que adaptalo a eses moldes, e só con moito e duradeiro traballo é capaz de incorporar moldes novos ou fechar outros. Así me pasa coas caras. Case toda a xente que coñezo me recorda a outra xente. E non pasa día sen que recoñeza pola rúa a alguén, para decatarme aos dous segundos de que outra vez me traizoaron os moldes. Por iso non me sorprendín tanto ao ver ao xadrecista pola rúa. A medida que o vía, xa estaba buscando nel diverxencias, discrepancias que o separasen do meu molde. Pero non as había. Era el. Era o molde.

El non me vira, por suposto. Continuaba camiñando cara a min sen mirarme nin verme, cunha expresión neutra que xa non é que non denotase sorpresa ou sequera recoñecemento, senón que nin sequera deixaba translucir ningunha pista sobre o que estaba facendo alí o meu antigo colega. A súa vestimenta –unha camisa corrente, un pantalón de pana- tampouco permitía elucubracións. Podía estar facendo turismo, podía estarse dirixindo cara a algunha oficina tan pouco esixente nas cuestións de vestiario

como o fora aquela, podía estar na cidade para xogar un daqueles torneos de xadrez tan escuros. En todo caso, no medio daquela paisaxe humana –esa expresión que lles encanta a tantos e tan cansinos cronistas urbanos-, non destacaba moito, nin para ben nin para mal, igual que cando traballáramos xuntos.

Nin sequera cando chegou á miña altura me viu. En realidade, a súa mirada ía perdida nun punto no que eu non estaba nin de lonxe. Non puideron evitar un medio sorriso de *voyeur* cando descubrín que me gustaba velo así, verlle aquel xesto tan típico –a cabeza alta, o paso lixeiro- co que chegaba ao traballo todos os días no tempo que pasáramos xuntos. Naquela rúa transitada, aquel xesto semellaba excéntrico e fóra de lugar. Camiñaba demasiado rápido para ser un turista dedicado só ao hedonismo baleiro e estandarizado que é o único que poden ofrecer estas grandes capitais. Pero, para ser un executivo agresivo –ou un traballador agresivo, sen máis-, había un punto de ensoñación no seu ollar que o descartaba totalmente. Xadrez, xadrez, pasoume pola mente. Aquel home ía a un torneo de xadrez.

Ao final, non lle dixen nada aquel día. Estaba claro que calquera palabra miña estaba de máis. Co tempo cheguei a dubidar de se o vira. Non, co tempo non, ou só con moi pouco tempo, porque ó rematar aquela mañá na que conseguín o meu primeiro traballo naquela cidade (de oficina, rutinario pero non mal pagado) xa estaba dubidando dos meus ollos e do meu entendemento. Ó rematar a mañá seguinte, que fora tamén a miña primeira mañá de traballo, xa o arquivara nun recuncho desabrigado da miña memoria: arquivar expedientes, facturas, cartas e informes era agora o meu traballo, e, se podía facelo coas pegadas dos demais, tamén podía facelo coas miñas.

Pasaron dúas semanas, despois tres. Catro, cinco. Non vou negar que, naquel tempo, mentres arquivaba e arquivaba (en corpo ou en espírito), ás veces aínda daba con aquel encontro frustrado, e me tocaba volver sobre el e miralo de novo. Mesmo un par

de veces máis, na oficina, cando non había nada que archivar, volví buscar ás agachadas aquel nome na rede, só para comprobar que aqueles resultados seguían aí. Non había máis, nin tampouco menos. Aquilo me deixou cunha rara sensación de tranquilidade, pero non sabía dicir por que.

Ás cinco semanas, volví atopar. Esta vez, baixo terra. No metro. A miña primeira sensación cando o vin (do outro lado do vagón, de pé aínda que había asentos máis que de sobra, cunha vestimenta do mesmo estilo gris e desamañado da outra vez, ou quizais era a mesma) foi a de ser sorprendido en falta. Desde que chegara a aquela cidade, gustábame viaxar no metro con outra personalidade posta por enriba. Ou mellor dito, con moitas personalidades. En canto podía, agarraba ó primeiro incauto que se me sentase ó lado e abafábao con relatos do máis inverosímil sobre min. Que era de aquí, que era de alí, que era refuxiado político, que era un membro segundón dunha casa real sen trono. Non sei se o facía por dar pena ou por causar admiración ou simplemente por divertirme. O caso é que cando o vin a el alí, a dez metros, pensei que se me acabara aquilo para sempre. Ademais, desta vez el vírame. Avanzaba cara a min con paso decidido e unha expresión sorprendida pero non demasiado, coma se atoparse nun vagón de metro nunha das capitais máis poboadas de Europa non fose máis estraño ca tropezarse o un co outro no mercado da vila do lado.

Aquí non podo menos que facer unha confesión. Se de vez en cando me gustaba enganar ós meus compañeiros de viaxe no metro, tamén é certo que cos meus lectores non fun, ata agora, totalmente honesto, e a partir de agora quero selo. Ou honesta. Porque son muller. Escribín ata agora como home... por que?, talvez porque me parecía que lle daría máis credibilidade á miña historia. Porque é moi fácil pensar nunha muller desesperada buscando en todos os buscadores imaxinables o nome dun home ó que non pode esquecer. Iso si que da para unha boa historia desas do metro, verdade? Pero non



só. Eu mesma temo que o da muller desesperada é máis certo do que estou disposta a admitir en condicións normais. E temo tamén que o corazón me saltou no peito cando vin que el viña cara a min con aquel sorriso tan amplo.

A conversa, sen embargo, foi comedida. Despois de expresar a nosa mutua sorpresa por atoparnos naquel momento, naquel lugar, preguntoume que facía por aló. Aquí teño que dicir que, a pesar da promesa que me fixera só segundos antes de non mentir máis, non conseguín evitar poñer no meu relato unhas poucas máis de especias das que lle correspondían. Así, a miña maltreita actividade como autónoma pasou a ser plena, florecente, exitosa e, nese panorama, o meu traballo arquivando cousas nunha oficina tivo que desaparecer totalmente: non había sitio para el. E, por tanto, resultaba que, naquel momento, eu ía no metro só polo pracer de viaxar, para mercar calquera capricho que me puidese permitir na outra punta da cidade, e non para pecharme entre catro paredes para desenvolver unha actividade ben por debaixo do meu talento. E, por tanto, non tiña ningún horario que cumprir nin ningún impedimento para ir tomar con el o café ó que me acababa de invitar.

Sáimos do metro na seguinte parada e fomos parar a un café que el dicía coñecer. Decepcionoume un pouco. Non era unha desas cadeas sen personalidade pero socorridas en casos coma ese, pero tampouco era un café pequeno, familiar, con encanto, algo que el puidese presentarme coma un tesouro oculto. Isto era unha mestura pouco atractiva de ambas cousas, un negocio familiar, probablemente xestionado por inmigrantes italianos ou árabes, que medrara ata facerse con dúas ou tres sucursais, como anunciaban pomposamente na carta, pero o fixera de forma sórdida, descontrolada, case caníbal. Pero alá fun e sentei canda el.

A conversa foi un tanto atropelada e inconexa, con moitos máis silencios incómodos do que me gusta recoñecer. En realidade, nas nosas respectivas vidas

pasadas nunca nos dixéramos moito nin parecíamos ter moito que dicirnos. Seguramente intercambiáramos máis frases no tramo que nos levou desde as entrañas da terra (aquela estación de metro estrañamente marxinal para estar nunha das liñas máis transitadas) ata a superficie (aquela cafetería tan sórdida) que en todo o tempo que fóramos colegas. Nun daqueles lugares –xa non lembro se o vagón do metro, as escaleiras mecánicas ou a cafetería- a min tamén me tocou preguntarlle que é o que estaba facendo por aló. Púxose serio. Máis serio do esperable. Pensei que algo grave o tería levado ata aló: a morte dalgún familiar, unha enfermidade grave. Ó final dixo só algo así como “asuntos inescusables”, sen precisar nada máis. Sorprendeume a súa reacción. Como xa dixen, nunca tivera demasiada confianza con el como para que tivese que contarme as súas intimidades daquela maneira; non lle podía resultar moi difícil, pensei, amañar calquera escusa intrascendente, unhas vacacións, unha entrevista de traballo. Non lle podía resultar moi difícil, pensei. Pero ó mellor era simplemente que a min amañar escusas non me resultaba difícil.

Despois volvemos ó noso, a aquela conversa insulsa furada por silencios incómodos. Cando xa levábamos unha hora ou así nos nosos asentos e un camareiro de trazos indios empezaba a mirarnos de esguello, el dixo que tiña que marchar.

-Ti tes algo que facei?

Sen pensar un instante, neguei coa cabeza. En realidade, xa facía máis dunha hora que tería que estar na oficina, arquivando expedientes, informes, fichas. Non chamara para avisar que non iría, nin pensaba facelo. En realidade, cun pouco de sorte, nin sequera me botarían de menos. Se non, sempre podía alegar problemas de transporte. E, se aquilo non valía, diría que estivera enferma, na cama, incapaz nin de levantar o teléfono para avisar. E, se aínda así non, perdería o traballo, e non pasaba nada, así podería dedicarme ó meu negocio sen distraccións que nada me aportaban.

El preguntárame se tiña que facer por algo. Víase na súa boca, que se apertaba e se destensaba coma se fose dicir algo pero as palabras non acudisen á súa boca. Eu intentaba empuxalo erguendo a cabeza cara a el, enmarcando as cellas con aire interrogante. Ó final dixo que tiña que ir a un lugar e que eu podía acompañalo se quería. Igual que un neno que dubida ou non se invitar a outro á súa guarida secreta.

Tampouco aquí tardei máis dunha fracción de segundo en dicir que si. Era certo que, se ata agora a nosa habilidade para establecer unha conversa sufrira, máis ía sufrir a partir de agora, con cada vez máis tempo acumulado e menos temas de que falar. Tamén, por moito que o coñecese doutro lugar, ou doutra vida, alí parecía haber algo que non pechaba. Igual non tiña que fiarme tan despreocupadamente dun tipo que se puxera tan serio cando lle preguntara que facía naquela cidade –nunha cidade onde hai tanto para facer!- e que acabara por murmurar un sospeitoso “asuntos inescusables”. Podía querer levarme a un portal escuro onde me roubaría o que levaba encima e despois me remataría dun golpe de navalla, ou a un prostíbulo rexentado por unha mafia do seu país de procedencia. Xa dixen antes que, cando nos coñecéramos antes, el gustábame. Pero non foi por iso polo que dixen que si. Creo que foi por ver se aquel lugar ó que me quería levar tiña algo que ver con aquela misteriosa vida oculta que lle descubriera buscando o seu nome na Rede.

Collemos un autobús, despois outro. Axiña me desorientei e deixei de saber onde estábamos. Polo pouco tempo que levábamos viaxando, non moi lonxe do centro; polos edificios cada vez máis escuros e a vexetación cada vez máis raquítica, nun suburbio pouco ou nada prestixioso. Finalmente, fíxome un sinal e, obediente, baixei detrás del. Non lle preguntei como era capaz de distinguir aquela parada da anterior, da anterior da anterior, da seguinte: todas eran postes desamparados entre edificios de grisalla. Aínda non se me quitara da cabeza a idea de que ía aproveitar a miña

inxenuidade para, non sei, meterme unha coitelada e irse construíndo un prestixio de psicópata misóxino, e non axudou nada o feito de que tocase no porteiro automático dun daqueles edificios insulsos (novamente pensei: e como sabe que é este e non o do lado?) e, tras esperar uns segundos e o consabido ruído desafinado, empuxase descoidadamente a porta de cristal rallado e me fixese un aceno para que o seguise por un corredor que ulía a humidade e suor.

Atravesamos un patio de vexetación anémica e entramos no que a min me pareceu que era un segundo edificio sen acceso directo á rúa. Ó lado da porta interior, había unha placa dourada que non cheguei a ler –iamos camiñando demasiado rápido-, aínda que me pareceu distinguir algunha palabra como “excelencia”, algunha autolouvanza un tanto baleira e innecesaria. O segundo vestíbulo ulía menos a humidade e era máis luminoso, coma o dunha casa de aldea ben coidada. O meu acompañante abriu unha porta á nosa esquerda, e alí levei unha sorpresa tal vez maior que a que levara aquela mañá no metro.

Na sala –ampla, só cos obstáculos e distraccións que se facían estrictamente necesarios, coma unha aula dun colexio-, un grupo de persoas xogaban ó xadrez.

Unha aula, si, era unha aula, concluín cando mirei mellor. As mesas estaban alineadas en cuadrícula, cun espazo libre no medio para que o profesor, ou o instrutor, ou o xuíz, se dirixise ó rabaño. Non todas as mesas estaban ocupadas. De feito, seguramente máis da metade estaban libres. Nalgunhas sentaban dúas persoas fronte a fronte, o modelo de libro de xadrez. Noutras había só unha, exercitándose contra si mesma ou esperando a un adversario que non terminaba de chegar; noutras había tres, dous contra un, ou catro, dous contra dous. Unha clase práctica de xadrez. Un club de afeccionados adestrando cada un ó seu ritmo; un equipo probando combinacións, estratexias, xogadas.

Tan abstraídos parecían andar que nin un só ergueu a ollada para mirarme, aínda que un ou dous pareceron experimentar certo tremor case eléctrico corréndolles polos ombros, coma se a irrupción dunha presenza nova naquel espazo alterase gravemente a súa tranquilidade. Pero axiña seguiron ó que estaban facendo, co cello tal vez un pouco máis profundo e pregado. Outros miraron para o meu acompañante e saudárono, ou iso me pareceu a min, alzando lixeiramente as cellas, que parecía ser o único código de comunicación aceptable naquela especie de cartuxa do xadrez. A min nin me viran, ou iso daban a entender. Todos os ocupantes daquela sala eran homes, e supoño que iso me convertía, para eles, en dobremente estraña.

O meu acompañante inclinouse entón cara a min para dicirme en voz baixa, coma se temese que un volume maior fose mover sen querer todas aquelas pezas de xadrez:

-Somos un grupo de xogadores de xadrez –comezou, coma se eu fose unha nena parva, ou un extraterrestre-. Agora mesmo estamos facendo un torneo.

-Un torneo? –repetín, medio por automatismo e medio por educación.

-Si. É o Torneo Anual da Federación de Xadrecistas Internacionais. Desta vez celebrámolo aquí.

Aínda que quería quedar coa boca aberta de admiración –campións de xadrez de todo o mundo movendo as súas pezas diante dos meus ollos, sen ningunha parafernalia nin protocolo!-, non puiden. Eu non sabía xogar ó xadrez, pero algo de televisión vira e tiña a impresión de que un acontecemento internacional, como pregoaba o seu nome, atraería certa atención de medios de comunicación e afeccionados. E non se celebraría naquela especie de baixo desastrado, con xente xogando soa e xente xogando de a dous ou de a tres. O meu acompañante pareceu decatarse da miña expresión escéptica e apresurouse a dicir:

-Agora mesmo estamos no día de descanso. Pero mañá empezamos outra vez.

Cos cuartos de final xa.

Asentín mecanicamente.

-Isto é o Centro Internacional de Excelencia en Xadrez. Podes quedar un pouco por aquí, mirando como vai isto.

El debía de pensar que aquela invitación era o que eu estaba esperando con ansiedade e, por non decepcionalo, asentín coa cabeza e comecei o meu periplo en torno á sala mentres el saudaba con moi escravos apertóns de man a todos os xogadores e se acomodaba nunha das mesas, onde xa había unha partida de xadrez medio empezada.

Non había demasiado que ver naquel Centro Internacional de Excelencia en Xadrez, en realidade. Carteis nas paredes de xadrecistas famosos, moi poucos dos cales me dicían algo; carteis máis abstractos sobre o xadrez, cunha estética que lembraba irremediabilmente á do realismo soviético. Un baño único, nun recuncho, e outro espazo á parte pechado con chave e que eu supuxen que sería unha especie de oficina da dirección, por testimonial que fose, daquel Centro de Excelencia Xadrecística Internacional, ou Centro de Xadrez de Excelencia Internacional, ou como queira que se chamase. O nome evocaba xustamente iso: medios reducidos para os últimos adiantos tecnolóxicos, pero talento en abundancia e ideas de sobra para potencialo.

Mentres eu inspeccionaba a sala, deténdome ocasionalmente canda os xogadores e facendo ver que estaba estudando os seus progresos –en van: en realidade, eu non sabía nada de xadrez– mentres eles me ignoraban a conciencia, o meu acompañante falou e xogou con uns e con outros, mesmo desapareceu durante uns minutos naquel despacho que un dos homes, o máis vello tal vez, o máis escuro, o mellor xadrecista, abriu para el e despois volveu pechar.

En total, pasamos alí un par de horas. Eu xa empezaba a desesperarme cando el se achegou a min e me preguntou:

-Marchamos?

Asentín procurando que o meu alivio non se transparentase demasiado no meu rostro. El despediuse dos seus colegas con apertóns de mans tan contundentes coma os do principio e marchamos. No tempo que estivemos alí, non me presentara a ningún dos seus colegas, aínda que puidera ser que lles dixese quen era eu e que facía alí: con eles falara un idioma que eu non dera comprendido.

Fomos ata unha parada de metro que nos viña ben ós dous e despedímonos. Mentres o seu tren marchaba e eu esperaba na plataforma, pregunteime vagamente se merecería a pena pasar pola oficina, agora que a miña xornada laboral xa tería que estar tocando o seu ecuador. En realidade, non tiña demasiadas ganas nin de poñerme a archivar de novo, nin de artellar escusas e defensas. Así que aí mesmo, de pé na plataforma, decidín interpretar toda aquela mañá –o encontro fortuito no metro, aquela panda de xadrecistas exóticos en voto de silencio case total, coma unha comunidade de beneditinos despistados- coma un sinal do destino, do destino en que eu sempre negara crer. Era todo un sinal do destino para que deixase aquela ocupación sen altura e sen perspectivas, indigna de min, e comezase a dedicarme de verdade ó meu negocio. Marchei para a casa e pasei o resto do día intentando acomodarme ó meu recién descuberto destino. Non tiña moito traballo –en realidade, non tiña nada-, pero dediquei o meu tempo a facer listas de posibles clientes, a consultar na Rede información fiscal, a pensar como se chamaría o meu negocio unha vez que arrincase e puidese abrir sucursais en todo o mundo. Aquela era a razón pola que viñera a aquela cidade, repetín para min, e a iso me ía consagrar a partir de entón.

Pero a realidade foi testana. Eu promocionábame, promocionábame, lía todo o que caía nas miñas mans sobre as miñas obrigas legais e fiscais, buscaba os mellores prezos para facerme tarxetas de visita e mesmo para poñer unha placa no portal, pero iso non fixo que recibise moito máis traballo. En realidade, non recibín nada. Por iso, cando, unha semana despois, o meu coñecido me chamou para quedar pola mañá, a pesar de que era, teoricamente, a hora na que había máis probabilidades de que me chamase un cliente, aceptei sen dubidar.

Quedamos na cafetería insulsa na que conversamos da outra vez, pero axiña, e case sen intercambiar palabras, montamos no metro cara ó Centro Excelente de Xadrez Internacional. Durante o camiño, comentoume que o torneo rematara a semana anterior, con grande éxito, e que agora tocaba facer reconto e prepararse para o próximo. Non sabían se facer un torneo de xadrecistas menores de 21 anos, ou de xadrecistas de países onde este deporte nunca fora demasiado popular (a India?, preguntei, ante o cal el, co rostro moi serio coma se unha herexía acabase de saír pola miña boca, díxome que o xadrez nacera precisamente na India e que o número un do mundo tiña esa nacionalidade; non, máis ben países coma Andorra, Zimbabue, cousas así), pero algo terían que facer axiña. Se non, o Centro para o Xadrez de Excelencia Internacional ía deixar de aparecer nos medios, ía perder parte da súa influencia, o seu perfil ía comezar a baixar. Porque así eran as cousas, así eran os medios, así era a xente. Ante algo tan sublime, tan delicadamente complexo como o xadrez, fascinábanse axiña, pero tamén axiña perdían interese se non se lles ofrecía emoción tras emoción, éxito tras éxito, se se lles facía enfrontarse directamente coa labor de encaixe que era o xadrez. Eu asentía, outra cousa non podía facer, pero tamén era consciente de que me estaba metendo a min mesma nese saco, a min, que na miña primeira visita ó Centro non fixera máis que mirar carteis colgados das paredes e reprimir bocexos ben ruidosos.



Por fin chegamos ó noso destino, eu xa disposta a corrixirme e a non caer en todos os vezos que o meu acompañante lle atribuíra á plebe. Desta vez había menos xente sentada nas mesas, ou iso me pareceu, e, en xeral, un pouco máis de sono no ambiente. Claro, explicoume el, agora que acabou o torneo moitos volveron ós seus respectivos Centros Nacionais de Excelencia de Xadrez, e só quedaba a xente de alí, algunha da cal marchara tamén a dar conferencias no outro lado do mundo ou a xogar en torneos que tiñan menos prestixio internacional que o da semana anterior pero que podían axudar a que o Centro se fixese un pouco máis coñecido. Ó final decidín sentarme ó lado dunha parella de xogadores, os que parecían menos vellos, os que parecían menos reservados –aínda que non cruzaron palabra comigo en toda a mañá- e observeinos durante dúas ou tres horas sen parar. Aprender non aprendín nada, pero confiei en que xa se me pegara algo e que non podía máis que mellorar.

Despois daquel día, pasar polo Centro Xadrecístico Internacional de Excelencia converteuse en parte da miña rutina. Ó principio, quedaba co meu coñecido –aínda non chegaba a consideralo amigo- e iamos os dous en autobús cara a aquela casa que tan desolada me parecera nun principio e que tan familiar e íntima me era agora. Despois xa empecei a ir soa e atopábame alí con el, ou non, porque el había días que non aparecía sen que eu nin ninguén máis soubese a causa. Ou a mellor si que a sabían, pero non ma dicían. Tamén era verdade que eu non lles preguntaba. En realidade, case non falaba con ninguén. Chegaba alí. Poñíame a mirar a quen estivese xogando, por quendas. A pesar do meu desánimo inicial, en poucos días fun relacionando cousas, trazando estratexias, vendo camiños siderais onde antes só había buratos negros. Despois púxenme eu soa coas pezas, a xogar partidas contra min mesma. Un día, un dos gurús do centro, un home de cabelo desgreñado e unha enrugada profunda entre as cellas, cun grao de veteranía razoable pero que non figuraba entre os dirixentes daquel lugar, polo

menos que eu soubese, sentou fronte a min e, sen dicir palabra, comezou a colocar no seu lado do taboleiro –as negras- as pezas que, ata entón, eu me fora eliminando a min mesma. Observeino durante algúns instantes ata que comprendín que esperaba que eu fixese o mesmo. Despexei dun golpe de man o meu lado do taboleiro e comecei a colocar fronte a min as miñas brancas. Despois abrín a partida.

Gañoume, por suposto. O seu xesto nin sequera se alterou cando, cun dos cabalos, descabezou ó meu rei sen miramentos. Pero non lle debín de parecer tan patética; creo que foi porque lle durei un pouco máis de cinco minutos e, normalmente, os máis novos do grupo que ousaban enfrontarse a el a penas lle chegaban ós dez. O caso é que, a partir de entón, non había día en que ninguén insistise en botar unha partida comigo. Ó comezo, continuaba xogando soa a maior parte do tempo, interrompida só por un ou dous xogadores ansiosos de baterse comigo ou, máis ben, de deixarme aparvada e humillada despois de dez minutos frenéticos. A min aquilo non me gustaba; había días que o recibía como unha violación pura e simple, pero tamén entendía que someterme a aquel rito iniciático, por desagradable que fosa, era un gran honor que me facía aquela xente e non quería pensar o que farían se me negase de forma máis ou menos explícita. Por veces, o meu coñecido (ou amigo) xogaba contra min, e a primeira vez acollino case con alivio, pero axiña descubrín que estaba equivocada: el foi comigo máis brutal, máis humillante, ca ningún dos seus colegas, e durante toda a partida evitou mirarme ós ollos. Despois, a violencia descarnada das partidas -en realidade as del non: as del non empezaron a ser amables, nin sequera humanas, ata moito máis adiante- foi acougando e ó mesmo tempo a distancia entre unha e outra diminuíu e algunha mesmo comezaba a rozar os quince minutos. Foi tamén nesa época cando gañei a miña primeira partida. Foi a un dos máis novos do grupo, pouco máis novo ca min, un rapaz moi louro e moi pálido, case albino, que vestía sempre de traxe,

coma se fose un avogado ou un economista indo a traballar ó centro financeiro daquela gran cidade e non un xadrecista que non facía outra cousa que botar partida tras partida. Cando descabecei ó seu rei coa miña raíña, contiven un momento a respiración, incapaz de crer o que acababa de facer. Quería que todos me admirasen, que todos volvesen a cabeza cara a min e recoñecesen que eu, a opción fácil, a mesa á que todos recorrían cando tiñan sede de gañar e querían procurarse unha vitoria sen complicacións, tamén era capaz de inverter os papeis. Pero non. Nin sequera o meu rival se mostrou sorprendido, ou humillado, nin sequera derrotado. Levantouse coa mesma expresión indiferente de sempre. Nese momento pensei que tal vez se deixase gañar, que todo fora unha pantomima destinada a escenificar a miña entrada nunha terceira fase, con máis xogo compartido e menos horas en solitario.

Non sei se foi así, ou se en realidade aquela partida a gañara eu por méritos propios e eles non tiveran máis remedio que recoñecerme como a unha igual. O conto foi que, a partir de entón, estaba case sempre ocupada xogando con alguén. Ás veces, dous contra min. Ás veces, sen que eu o pedise -porque naquel sitio todo se facía polo código do silencio-, alguén sentaba ó meu lado e plantaba batalla canda min ó meu adversario. Xa era membro do Club Internacional de Excelencia Xadrecística. Xa era membro, e nunca o pedira, e mesmo un mes antes non sabía nin xogar ó xadrez. Por momentos, sentíame alguén especial e daba as grazas ó meu coñecido por axudarme a descubrir aquel talento oculto que tivera que esperar tantos anos para se desbordar. Outras veces preguntábame que é o que facía alí metida con toda aquela xente que non coñecía de nada, que case nunca falaba, que calquera día podían abrirme a gorxa e deixarme tirada no seu patio sen que ninguén soubese nunca nada. Non eran os meus amigos, repetíame unha e outra vez, pero outra parte de min dicía que si, que onde ía estar mellor que con aquela xente, que nunca me fallara e non coma tantos outros que

dixeran ser os meus amigos cando chegara á cidade pero que non deixaran escapar a ocasión de apuñalarme polas costas.

Despois de pasar a ser membro de pleno dereito, esperei pasar á seguinte fase: aínda que alí non se falaba moito e entrar naquel despacho minúsculo era un privilexio ó alcance de moi poucos, eu sabía que, de vez en cando, a algunha xente mandábana fóra para competir en torneos internacionais de xadrez. Nós mirabamos na Rede como ían quedando os nosos colegas, e cando volvían sempre traían fotografías e material, co cal eu non tiña razón para dúbida de que aqueles torneos non se celebrasen e comecei a alimentar a ilusión de que, un día, me mandasen tamén a min a un deles. Iso nunca pasou. Ó meu amigo mandárono unha vez, pero nunca me contou nada.

En cambio, cando se celebrou o seguinte torneo internacional organizado polo Centro –a penas dous meses despois do primeiro, do que eu presenciara-, si me puxeron na lista de xogadores. Colgaron un póster coa estrutura das partidas no taboleiro de anuncios e, por suposto, en canto o fixeron todo mundo se levantou a mirar se o seu nome estaba na lista. Algúns volvéronse con expresión triunfal, outros con expresión derrotada, pero os máis ou ben procuraban disimular as súas emocións ou ben xa non lles provocaba nada especial, despois de tantos anos, ser seleccionados para un torneo dos que se celebraban cada dous meses. Eu nin me levantei porque estar entre os xogadores daquel campionato, por perralleiro que fose, era como estar na lista de persoas que ían ser recibidas oficialmente polo xefe de estado daquel país. Non foi ata dous días máis tarde cando, nun anaco morto, me levantei para estirar os músculos das pernas, pasei por diante do taboleiro e vin aí o meu nome. Co número dezasete. Emparellada a outro xogador de nome e apelido imposible que non parecía vir do noso Centro, senón dalgún lugar do Leste de Europa. Ó principio, desconcertoume. Pero axiña comezou a parecerme divertido. Estaba claro que non ía durar nin dous asaltos,

pero así coñecería xente, aínda que fosen tan silenciosos coma os meus compañeiros de sempre, e tería a oportunidade de probar contra outros contrincantes o que fora aprendendo ata entón de forma autodidacta.

(Lendo rapidamente a lista de xogadores, pareceume discernir que era a única muller do torneo. Isto era outra das cousas que me motivaban. No Centro era tamén a única muller e, aínda que ás veces sospeitaba que mo poñían todo máis difícil por iso, tamén experimentaba unha satisfacción un tanto estraña por destacar nun mundo de homes, algo que nunca me sucedera ata entón. En realidade, non era exactamente a única muller que visitaba o lugar: dúas ou tres veces coincidín cunha rapaza seguramente pouco maior ca min, pero tan ben maquillada e ben vestida que semellaba o sol ó lado da miña tímida luz de estrela anana. En realidade, semellaba unha princesa rusa destronada, ou unha cara amable da maquinaria soviética a quen todos os membros do Centro de Xadrez de Excelencia Internacional saudaban cun sorriso e apertaban a man con calidez, non coma a min, que con sorte lograba arrincarlles un levantamento de cellas a penas perceptible. Logo sentaba, xogaba con algún e sempre gañaba, ou deixábanlle gañar. Nunca souben quen era. Ela en min tampouco parecera reparar moito).

O resto da mañá fíxoseme máis lixeiro do normal. Estiven soa case todo o tempo, pulindo estratexias, xogando contra min mesma cunha ira descoñecida, xogando cos ollos pechados sen mirar o taboleiro. Foi así como me colleu por sorpresa o meu amigo, a quen non vira desde había dous ou tres días. Consecuentemente, el tampouco vira a lista de seleccionados ata aquela mañá. Cando me deu unha palmada no ombro facéndome volver violentamente a cabeza, sorrín case por instinto, pensando que ía felicitar-me. Pero só me dixo moi serio:

-Temos que falar. Agora.

Dediqueille un sorriso invitador. Desde que me foran admitindo como membro de pleno dereito daquel club, cada vez me custaba menos ser máis aberta, ás veces descarada con el. El, sen embargo, non pasaba daquela gris corrección que lle lembraba da época en que traballáramos xuntos. Esta vez non fora distinto.

-Non. Aquí non –faloume dun idioma que nunca utilizara comigo, que sabía que eu coñecía pero probablemente a maioría dos ocupantes da estancia non. Erguinme, con expresión interrogante, e saín cara ó corredor, onde volvín miralo de novo, esta vez con expresión máis ansiosa. -Aquí tampouco –insistiu. Tamén a rúa lle pareceu inconveniente, e mesmo a parada de autobuses que sempre utilizábamos para chegar ata ao Centro, así que finalmente, case con desesperación instintiva, subimos ó primeiro autobús que pasou por diante nosa. Alí xa o mirei sen ningunha xentileza, pero aínda sen atrever a dicirlle nada. El limitouse a negar coa cabeza.

O autobús levounos ata o centro. Era unha viaxe de máis de media hora, case unha, e eu estaba alí, cos labios apertados, sen atreverme a adiviñar que sería o que tiña que dicirme. Pensei que estaría celoso. Ó mellor a el leváralle máis tempo entrar a formar parte da lista de seleccionados para un torneo e agora viríame con calquera argumento peregrino para que me botase atrás: dicirme que me meteran na lista por mágoa, por exemplo, ou por ser muller. Seguramente, ata se sentiría dobremente traizoado por ser el o que me metera no Centro, sen esperar nunca que chegase a superalo. Interiormente, decidínme a non ceder nin un milímetro. Se estaba na lista, era porque valía, dixese el o que dixese.

Finalmente baixamos fronte á cafetería onde nos atopáramos aquela primeira vez. El saíu do autobús sen avisar, case arrastrándome detrás del, e entrou no local para ir sentar nunha das mesas do fondo, sen molestarse en pedir nada.

-Que pasa? –solteille por fin.

Entón empezou a contarme a súa vida. Literalmente, a súa vida. Desde antes de que nos coñecésemos. Cando nos coñecemos e despois, cando nos volvéramos atopar. Non lle faltaba certa graza no narrar que ata entón eu non lle sospeitara, pero tamén me resultaba fácil ver que estaba recortando, estilizando e manipulando a súa historia para engadarme mellor. Ó final, como non podía ser doutra forma, chegou ó Centro Xadrecístico de Excelencia Internacional. Eran todos homes bos, aseguroume, coñecera á maioría deles moitos anos atrás, cando aínda estaba en pé o telón de aceiro e eles non tiñan que dedicarse a actividades dúbidasas para sobrevivir, senón que o podían facer honestamente sen facer outra cousa que mover pezas de xadrez. Pero, coa fin da Guerra Fría, moitos quedaron sen traballo. Si, xogar ó xadrez, decidira algún burócrata nalgunha oficina anónima, xa non era rendible, xa non era aquela fiestra de propaganda, camaradería cos do propio bando e rivalidade cos do outro que fora durante tantas décadas. Solución: anotarse nunhas listas de paro ás que os propios funcionarios non lles concedían seriedade ningunha, probar sorte no antigo territorio inimigo ou reconverterse. Si, reconverterse. Algún saíra coa brillante idea de que os xogadores de xadrez que sobaban podían reconverterse. En que?, preguntaran todos, ansiosos, porque, en moitos casos, xogar ó xadrez era o único que fixeran durante toda a súa vida e o único que sabían facer. En espías, fora a resposta.

En realidade, a resposta non viñera das altas instancias, de ninguén que coordinase os servizos de intelixencia do bloque e lles puidese asegurar, sequera, unha mínima dignidade, o mínimo consolo de que estaban traballando para quen correspondía. Non, a idea ocorréraselle a un tipo que o meu amigo vira tres ou catro veces, un tipo que non era do seu país, pero a quen todos coñecían polo menos de pasada porque estaba no comité administrativo encargado de organizar todas aquelas expansións propagandísticas que eran os torneos de xadrez. Eu tamén o coñecera, no

Centro, aclaroume el, ás veces pasaba por alí. Aquel tipo non tiña nin idea de xogar ó xadrez e as súas dotes organizativas e comunicativas eran máis ben escasas, pero caía simpático, tiña contactos, era un chanchulleiro: era o tipo de persoa que nunca pode faltar neste tipo de festas. Así que un día os xuntara a todos –eu imaxinábaos coma cabaleiros templarios a quen se lles acabase de comunicar que xa non era necesario defender Xerusalén, que podían retirarse ós seus castelos e contar as súas batallas a seus netos- e llelo soltara. As habilidades e os coñecementos dun xogador de xadrez, díxeralles –astucia, estratexia, discreción próxima ó hermetismo, habilidade para desenvolverse en ambientes internacionais- coincidían case punto por punto con todo o que se lle podía pedir a un bo espía. E os espías cada vez estaban máis demandados nun mundo que cambiaba a tanta velocidade. É máis, estaban tan demandados que os gobernos non daban feito cos seus propios espías, e, por suposto, a idea de crear unha rede de espías supranacional, que abarcarse os mesmos países que antes estaban no bloque Leste, estaba fora da cuestión, demasiado evidente, demasiado provocativo. Fora entón cando el caera na conta de que esa rede de espías xa estaba montada, só había que botala a andar. Eran eles, díxolles entre risas. Eran eles, e non tiñan que facer case nada que non fixeran antes. Simplemente, seguiría habendo centros de promoción de xadrez, pero non só nos seus países, senón que agora se podían abrir centros deste tipo en todo o mundo sen levantar sospeitas, e seguiría habendo torneos. Só tiñan que estar un pouco máis atentos ás cousas que vían e oían e, se algo lles parecía digno de saberse, tiñan que dicirillo a el e el xa se encargaría de venderlle o chisme a algún goberno, se lles interesaba. Mentres tanto, seguirían vivindo todos a gastos pagos como profesionais do xadrez; iso si, algúns terían que exiliarse e todos terían que moderar un pouco o seu estilo de vida; a espionaxe por conta de terceiros daba para vivir pero sen moitos luxos.



Iso de que daba para vivir, confesoume o meu amigo, e aí vin por primeira vez unha faísca de amargura na súa ollada, tampouco era certo sempre, pero todos sabían xa que aquel tipo era un chanchulleiro e tampouco lle tiveran moi en conta aquela mentira. El mesmo, por exemplo, tivera que dedicarse durante uns meses a desempeñar outro traballo mentres as fins de semana se dedicaba a xogar ó xadrez; fora aí onde nos coñecéramos, pero despois saíralle aquela oportunidade naquela cidade e aceptara sen dudar, aínda que, sabendo o enorme e o caro que era aquel lugar, era consciente de que para pouco máis lle ía dar que para pasar fame.

Cando terminou o seu relato, mireino. Mireino atentamente por primeira vez desde que o coñecera. Xa dixen que antes, cando compartíamos oficina, me gustaba, pero agora xa non estaba segura de querer nada con el, aínda que aquel discursiño tan íntimo si parecía indicar que el quería algo comigo. Nunca lle preguntara a idade, pero calculaba que sería uns quince anos máis vello ca min. Tería a miña idade cando se lle acabara o choio de xogar ó xadrez pola gloria da patria e do comunismo, e probablemente ata entón crera ter ante si unha carreira do máis prometedor. Un novo Kasparov, tal vez. Pero despois todo iso acabara. El agora estaba sentado ante min, case unha completa descoñecida que era o máis próximo a unha amiga que tiña naquel lugar, sorbendo un café cheo de auga que sería unha das poucas cousas que consumiría ó longo do día, porque os cartos xa non daban para máis.

Así e todo, eu non podía evitar certa excitación infantil. Preguntei se os invitados a aquel torneo eran tamén espías. Asentiu sen o menor entusiasmo. Era evidente que para el aqueles xogos de poder xa perderan todo o seu atractivo, se algún día o tiveran. Eran, explicoume, vellos coñecidos de detrás do telón de aceiro. De vez en cando facían torneos daqueles, en teoría para intercambiar información e ver o que lle podían vender a aquel tipo que despois o vendería ós gobernos, pero en xeral era para lembrar vellos

tempos. Para darlle aspecto de normalidade a todo aquilo, había toda unha trama de logotipos, cartas con membrete, páxinas web cos resultados dos torneos, que eles mesmos se encargaban de preparar e que, de vez en cando, supoñían un alivio a aquel continuo mover pezas de xadrez. Para seguir dándolle un aire de normalidade á cousa, de vez en cando enviaban invitacións á prensa especializada, a escolas de xadrez das de verdade, de nenos. Por sorte nunca se lles presentara ninguén, porque –segundo el mesmo confesaba- non ían saber que facer se un día se lles presentara algún invitado.

Sentíame tan ilusionada que non me atrevín a preguntar se eu agora formaba tamén parte desta rede, non fose a ser que a realidade me baixase de golpe da miña ilusión. Do traballo arquivando informes ó que faltara por ir a ver xogar xadrez aquel primeiro día non me molestara en despedirme, pero uns cantos días de ausencia despois recibira unha chamada moi agria na que me acusaron de falta de profesionalidade e de mala idea, e desexándome que nunca, nunca máis tivese unha oportunidade naquel país nin en ningún país do mundo. O meu propio negocio non acababa de arrincar; en realidade, nunha soltara nin o primeiro fume. E xa non me preocupaba, porque cada vez pasaba máis tempo xogando ó xadrez e ignoraba todo o demais. Cos meus compañeiros de piso deixara de falar había moito tempo. Levaba sempre as mesmas dúas mudas de roupa e moitos días nin me molestaba en peitearme. Se todo iso fora o prezo da entrada a unha rede internacional de espías, daríao por ben empregado.

Entón pasou o do terremoto. Non *entón*, naquel momento, mentres estábamos sentados á mesa. Pasou horas despois de que nos despedísemos, de que eu volvese á casa intentando determinar o grao de verosimilitude do que me acababa de contar, de que me pelexase unha vez máis cos meus compañeiros de piso por non cumprir coa parte que me tocaba na limpeza da casa. Pasou cando estaba durmindo, e foi imposible non notalo. Foi un dos terremotos máis intensos que se sentiron xamais en Europa e,

hoxe en día, o episodio xa forma parte incuestionable da historia da cidade. E da miña. O terremoto espertoume, pero, cando conseguín acougar o suficiente para decatarme de que non sucedera só nos meus soños, xa rematara. Entón, unha das miñas compañeiras de piso, a que me tratara con máis dureza na nosa discusión da hora da cea, entrou no meu cuarto berrando. A ela non lle pasaba nada. Pero estaba preocupada por nós. Despois de comprobar que os catro estabamos enteiros e que a casa non sufrira danos de importancia, sen saber moi ben que facer, vestímonos e saímos á rúa. Moita outra xente tivera a mesma idea ca nós. Estaba claro que ninguén podía durmir. No noso barrio, o terremoto non fora máis que un susto, pero tamén unha ocasión para coñecer ós veciños do lado, ós da casa de diante, ó panadeiro da rúa. Cando algúns lograron contactar por teléfono cos seus amigos ou familiares que vivían noutros barrios e outros conseguiron captar algún sinal cos seus transistores, sen embargo, a alegría decaeu un pouco. Fora un golpe gordo para a cidade. Falábase de varios mortos, de barrios practicamente derruídos. Pensei no meu amigo, en todos os meus amigos do Centro Internacional de Excelencia en Xadrez, e decateime de que non tiña o número nin o enderezo de ningún deles. Sen embargo, ata que me fun deitar, ben entrada xa a mañá seguinte, tampouco fixen ningún intento por chegar a eles de ningunha forma. Fun coa masa. Rin, chorei, comín do que me ofrecían, arrimeí os oídos a non sei cantas radios; así ata acabar esgotada e cunha sensación estraña de resaca no padal.

O día seguinte case non existiu: cando espertei xa era noite, e decidín empatar ata a alba. A cidade tardou varios días en volver axustar a súa maquinaria frenética e perfecta, e isto significou que tiven que esperar ata a semana seguinte para atopar un autobús que me levase ó Centro. Que pasaría con el? Quen sabía. E o torneo? Ía ser moi pronto, pero non sabía se os nosos invitados atoparían a forma de chegar á cidade, cos aeroportos e as estacións de tren gravemente mermados polo suceso.

Ceguei ó barrio, que, igual que o meu, saíra bastante ben librado da desgraza. Pero alí non había nada. O edificio seguía estando alí. Pero o Centro estaba pechado, pechado a cal e canto. Petei educadamente. Varias veces. Despois púxenme a golpear na porta. Sen pudor, sen mesura. Quería saber que pasara con eles. Finalmente, da porta do lado saíu unha muller. Andaría polos sesenta anos e o seu rostro enfraquecido tiña a peor expresión de desconfianza que vira xamais. Aínda así, pregunteille se sabía o que pasara coa xente do Centro Internacional de Excelencia en Xadrez.

-Do que? –respondeu en ton estridente-. Aí non hai nada desde hai cinco anos, filla. Ou seis -. Despois díxome que, se non marchaba, ía chamar á policía. O terremoto provocara tamén a proliferación de pequenas e improvisadas bandas de ladróns que ían polos edificios intentando sacar o que podían do desastre.

Non volvín saber nada do Centro. Nin de meu amigo. Co tempo, eu tamén marchei daquela cidade. De vez en cando busco o nome del na Rede. E sigue aparecendo, sempre en torneos, sempre acompañado dos mesmos nomes. Iso me dá esperanzas de que aínda estea vivo, aínda que, quen sabe? Se poden inventar centros de xadrez, torneos, bolsas, non van poder inventar un nome, un simple nome, que é un nome? Se poden prever un terremoto para marchar sen deixar rastro, ou mesmo provocalo, que non van poder facer? Cada vez penso menos neles. Ó mellor nunca existiron, como dicía a súa veciña do lado, nunca existiron e todo foi un produto da miña imaxinación. Pode ser. Porque o que poden dicir é que, a día de hoxe, son incapaz de mover correctamente nin unha soa peza do xogo de xadrez.